



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE VARIOS CONCERTOS.

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en adiante Consellería), para o que foi nomeado polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Ignacio Pérez Amoedo, con NIF 36096791-Q, en virtude do seu cargo de presidente da Fundación Coral Casablanca de Vigo (en adiante Fundación) con CIF Q27753771, actuando en nome e representación da entidade.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das Entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

A Consellería é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias en materia de creación e difusión cultural. Dentro dese ámbito de actuacións vén desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación e promoción da cultura para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería e a Fundación, consideran de interese público realizar accións conxuntas con motivo da celebración do ano Xacobeo 2021-2022 aproveitando tamén a celebración do 65 aniversario da Coral Casablanca.





A Coral Casablanca foi fundada no ano 1.957. Entre o ano 1.966 e 2011 forma parte da área cultural do Círculo Mercantil de Vigo. En marzo de 2011 pasa a depender da Fundación Coral Casablanca de Vigo, clasificada de "interese cultural" pola Xunta de Galicia (Orde do 14 de marzo de 2011) e de "interese galego" (Orde do 14 de xullo de 2011).

A Coral Casablanca, que neste ano 2022 celebra o seu 65 aniversario, pasou de ser un pequeno coro parroquial a un gran orfeón transxeneracional que a día de hoxe aglutina arredor de 500 persoas a través dos seus cinco grupos corales:

- Infantil: con nenos e nenas ata doce anos, composto por 75 persoas.
- Xuvenil: con xoves de máis de 12 anos, composto por 54 persoas.
- Gepetto: con persoas maiores de 65 anos, composto por 121 persoas.
- Sonidos da Memoria, composto por 48 persoas, coa enfermidade de Alzheimer e outras demencias, os cales están acompañados por familiares e colaboradores.
- Coral Casablanca, con persoas de todas as idades, composto por 138 persoas.
- Orquesta Coral Casablanca, formada por 65 persoas.

A Coral Casablanca é a única en Galicia que realiza unha labor de tales características, xa non só polo número de compoñentes de todos os coros, senón pola actividade social que realizan. A historia da Coral Casablanca a acredita como unha das organizacións culturais máis lonxevas de Galicia que, ao longo da súa historia, actuaron en Galicia, España e tamén en Europa.

Neste ano 2022 a Coral Casablanca con motivo do Ano Xacobeo e do seu 65 aniversario, ofrecerá 5 concertos que terán lugar en Lugo, Santiago, Ourense, Pontevedra e Vigo, recorrendo deste xeito as 4 provincias galegas.

A Consellería, dentro do ámbito das súas competencias, vai desenvolver diferentes accións dentro dos valores culturais do Camiño de Santiago aproveitando a celebración do Xacobeo 2021-2022.





Cómpre ter en conta que a celebración de cada Ano Santo ten unha vertente principal de carácter cultural. Esa vertente debe planificarse e desenvolverse desde a Consellería que ten competencias en materia de cultura, como así sucede neste Xacobeo 2021-2022. O apoio á cultura no marco do Xacobeo 2021-2022 materialízase desde a Consellería con competencias en cultura a través da programación dos equipamentos culturais propios; a través da organización directa de ciclos, programacións e eventos culturais; e a través da colaboración con distintas entidades culturais externas de relevancia.

A Consellería e a Fundación teñen un interese común e coincidente en levar a cabo un ciclo de varios concertos dentro do Xacobeo 2021-2022 e aproveitando o 65 aniversario da Coral Casablanca. Trátase da promoción de actuacións conxuntas que redundan na promoción de Galicia e do Ano Santo Xacobeo 2021-2022, a través da realización de eventos culturais.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2022, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións.

É obxecto deste convenio establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a Fundación para levar a cabo un ciclo de varios concertos dentro do Xacobeo 2021-2022.

Programación prevista: custo total: 35.000 €

Lugares onde se celebrarán os concertos:

- Círculo de Belas Artes de Lugo.
- Igrexa San Martín Pinario, Santiago.
- Liceo de Ourense.
- Liceo Casino de Pontevedra.
- Estación Marítima de Vigo.





Para a promoción do Xacobeo 2021-2022 é fundamental contar con agrupacións que poidan seguirse por multitude de persoas. A Coral Casablanca é unha agrupación musical formada por máis de 130 voces, a máis laureada de Galicia. Os concertos que se realizarán estarán acompañados de piano e teclado. O número de persoas que participan nos concertos, entre voces e músicos, ascende a unhas 200 persoas, e contan cun repertorio moi amplo; interpretarán temas de corte clásico, popular e tamén bandas sonoras de películas o que fai que se trate de concertos únicos.

No caso dalgunha variación nos lugares establecidos para a realización dos concertos, e logo de solicitude de modificación por parte da Coral Casablanca, a Consellería poderá aprobar a modificación solicitada mediante unha resolución.

Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar non é posible promover a concorrencia, polas especiais características das actividades e da entidade coa que se convenia.

De acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2022, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Financiamento.

O custo total estimado das actuacións previstas no convenio ascende a un total de 35.000,00 €.

A Consellería contribuirá no desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio coa achega total de 30.000 €, para o que existe crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria 10.40.432B.640.0, proxecto 2020 00111.

A Fundación achegará con cargo aos seus fondos a cantidade restante, 5.000,00 €.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe de 35,000,00 €, a achega da Consellería diminuírase proporcionalmente.





Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actuacións obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

TERCEIRA.- A Fundación

A Fundación encargarse de organizar e xestionar as accións necesarias para a realización das actuacións obxecto do convenio.

A Fundación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

CUARTA.- A Consellería

A Consellería colaborará nos custos derivados da realización dos concertos. O importe máximo a asumir pola Consellería ascende a 30.000,00 €.

QUINTA.- Xustificación dos gastos e pagamento.





A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

Segundo se vaian realizando as actividades recollidas na cláusula primeira deste convenio, a Fundación poderá presentar xustificación por cada unha dos concertos unha vez realizados e rematados. Para elo presentará electronicamente a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

En casos excepcionais nos que, por necesidades financeiras, o beneficiario non poida facer fronte á totalidade dos pagos das facturas deberá presentar un escrito comprometéndose a, no prazo máximo dun mes dende o cobro da achega da Consellería, presentar os xustificantes bancarios correspondentes aos pagamentos realizados. O incumprimento do establecido neste apartado constituirá causa de incumprimento do convenio e causa de reintegro.





Aos efectos desta xustificación, consideraranse os gastos realizados no ano 2022 a partir da data de sinatura do presente convenio e que respondan á natureza da actividade realizada.

O prazo máximo para a presentación da documentación xustificativa é o 20 de decembro de 2022.

A Fundación responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

QUINTA.- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Fundación acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

SEXTA. Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados. Difusión da colaboración das partes.

Os resultados froito deste convenio, tales como dípticos, catálogos, publicacións, gravacións e demais material obtido, serán de titularidade e uso común da Consellería e da Fundación. Os resultados quedarán para futuras edicións e ambas as dúas partes poderán utilizalos nun futuro indistintamente.

A Consellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

En calquera caso a Fundación poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a





colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

O uso e a difusión sobre os resultados, publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

SEXTA.- Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2022.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Cultura da Consellería ou a persoa en quen delegue, e polo presidente da Fundación ou a persoa que designe en substitución.

OITAVA.- Modificación denuncia e rescisión do convenio

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

NOVENA.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade





ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de





protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO SEGUNDA.- Normativa aplicable e xurisdición

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO TERCEIRA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha





notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

Pola Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

Román Rodríguez González

Pola Fundación Coral Casablanca

Ignacio Pérez Amoedo

